

PROGRAMA MAÑANCEIRO
CURSO ESCOLAR 2025 – 2026

QUE É? É un programa de atención, vixiancia e almorzo dos escolares dos centros de Educación Infantil de Pravio e de Educación Infantil e Primaria do municipio de Cambre.

REQUISITOS: Estar empadroadado/a no Concello de Cambre e estar matriculado/a nun centro escolar de Educación Infantil ou de Educación Infantil e Primaria do municipio de Cambre. Só en caso de que haxan prazas valeiras poderanse admitir participantes que non estean empadroados/as.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Realizarase nos seguintes centros escolares de Cambre e cada solicitante solicitará o centro onde estea matriculado:

- Escola de Educación Infantil San Bartolomeu de Pravio.
- CEIP Gonzalo Torrente Ballester de Sigrás.
- CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre.
- CEIP Emilio González López de Brexo-Lema.
- CEIP Portofaro.
- CEIP Plurilingüe Graxal.

PRAZO DE INSCRIPCIÓN: Do **23 de xuño ao 23 de xullo de 2025**.

Non obstante, poderá presentarse solicitude con posterioridade a ese prazo de inscrición ao longo do curso escolar, tendo en conta que, no suposto de que o grupo xa contara co máximo de escolares o solicitante sería incluído na lista de espera. As vacantes que se vaian producindo serán cubertas polos/ as nenos/as que estean en lista de espera.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ALTA E DE BAIXA: O formulario de solicitude de alta (dispoñible na páxina web do Concello de Cambre) ou de baixa (unha vez admitido) presentarase a través da sede electrónica da web municipal ou en calquera dos Rexistros de Entrada do Concello de Cambre segundo o modelo establecido, achegando con ela a seguinte documentación:

o Documentación necesaria para xustificar a redución solicitada sobre a tarifa establecida.

o Informe médico onde se recolla a intolerancia alimenticia que presente o/a alumno/a ou calquera outra particularidade.

BAIXAS: - Serán causas de baixas nos servizos:

- O incumprimento dos requisitos establecidos.
 - A solicitude dos pais ou representantes legais (en calquera momento e antes do 25 do mes que corresponda e causará efecto ao mes seguinte) presentándoa polo rexistro municipal presencialmente ou a través da sede. Pódese presentar cambio de modalidade nas mesmas condicións que a baixa.
 - O non pagamento da cota establecida.
 - A comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.
 - A falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.
- Se o Concello o estima oportuno, será igualmente causa de baixa dos participantes no servizo no caso de que non se manteña o número medio de 15 escolares por centro.

CONDICIÓN DO PROGRAMA:

- **Duración:** De luns a venres, en días lectivos, segundo o calendario escolar oficial do curso 2025-2026.
- **Data comezo:** O primeiro día oficial do curso 2025-2026 (o alumnado de 3 anos comezará cando remate o periodo de adaptación e inicie a súa xornada escolar completa).
- **Horario:** De 7:30 ata o comezo da xornada escolar (é distinta en cada centro escolar).
- **Persoal:** Persoal cualificado que fará actividades de ocio e tempo libre e organizará, elaborará e servirá o almuerzo aos/as escolares participantes que o haxan solicitado.
- **Modalidades:** Pódese solicitar o programa:
 - o para o mes completo ou para días soltos (ata 12 días).
 - o con almuerzo ou sen almuerzo.

- **Nº de prazas:** O número mínimo de solicitudes necesarias para poñer en marcha o servizo (sen almuerzo e con almuerzo) será nos centros escolares de dúas liñas por curso (CEIP Wenceslao Fdez. Flórez, Portofaro e P. Graxal) dunha media de 13 escolares para a modalidade de mes completo e no caso dos centros escolares dunha liña por curso (EEI San Bartolomeu, CEIP Emilio Glez. López e CEIP Gonzalo Torrente Ballester) o número mínimo de solicitudes necesarias para poñelo en marcha será de 6 escolares para a modalidade de mes completo (sen almuerzo e con almuerzo).

O número máximo de prazas dispoñibles para cada centro será de 26 escolares. Non obstante, este número máximo establecerase en función da demanda real para cada curso, limitado polo espazo que cada centro destine para realizar este programa e polo presuposto existente.

Unha vez rematado o prazo inicial de solicitude de inscrición no programa, determinarase en función da demanda en que centro se levará a cabo o servizo e en que modalidades.

- **Selección dos/das participantes:** En cada curso escolar deberase solicitar de novo a praza para participar no programa.

Admitiranse todas as solicitudes recibidas no prazo establecido tal e como se establece no apartado anterior. Se se recibiran máis solicitudes que prazas no prazo establecido a selección dos participantes efectuarase en función da puntuación conseguida segundo o baremo que se amosa a continuación, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborábeis da unidade familiar. No caso de obter a mesma puntuación darase prioridade á renda per cápita máis baixa. Se continuara o empate, faríase sorteo entre estes.

Baremo de aplicación ás solicitudes de admisión no Programa Mañanceiro:

1º.- Situación socio – familiar:

SITUACIÓN – PUNTOS:

- Familia monoparental (pai, nai, ou titor legal): 6
- Familia numerosa: 4
- Por discapacidade física, psíquica ou sensorial do participante: 3
- Familia formada por pai e nai: 2
- Calquera outra situación socio-familiar que sexa susceptible de valoración: 1

2º Situación laboral-familiar:

SITUACIÓN – PUNTOS:

- Familia monoparental en situación de desemprego ou emprego: 7
- Pai ou nai en situación de emprego (cada un): 3
- Pai e/ou nai en situación de desemprego sen prestación económica (cada un): 3
- Pai e/ou nai en situación de desemprego sen prestación económica (cada un): 3

3º.- Situación económica, tendo en conta a renda anual da unidade familiar:

SITUACIÓN – PUNTOS:

- Ingresos iguais ou inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (iprem): 8
- Ingresos superiores ao iprem e inferiores ao duplo deste indicador: 7
- Ingresos superiores ao duplo do iprem e inferiores ao triplo deste indicador: 6
- Ingresos iguais ou superiores ao triplo do iprem: 5

4º - Permanencia no programa:

SITUACIÓN – PUNTOS:

Por permanencia do alumno/ a no programa no curso anterior (todo os meses e días da duración do programa): 5

Para xustificar a situación laboral e a situación familiar deberán presentar, cando se lle requira, a seguinte documentación :

- Libro de familia ou documento que o substitúa.
- Volante de empadramento colectivo da unidade familiar (solicitar no Rexistro municipal).
- Vida laboral do pai, nai e/ ou tutor legal ou tarxeta de demanda de emprego, segundo o caso.
- Sentencia de separación ou divorcio ou xustificante de viuvez (de ser o caso).
- Xustificación de ingresos económicos: Autorización asinada para que o Concello solicite os datos da renda á Axencia Tributaria (IRPF) do ano 2023, segundo modelo normalizado. Se non tivo que facer declaración da renda:
 - o Certificado da Axencia Tributaria onde figure que non fixo declaración.
 - o Certificado de Bases Imponibles.
 - o Certificado expedido polo órgano competente (Xunta, Seguridade Social...) se percibe algunha prestación ou pensión.
- Se se vese modificada a situación económica dalgún dos cónxuxes (con respecto ao ano da declaración da renda):

o No caso de separación ou divorcio: certificado da vida laboral, achegando copia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio do ano de presentación da solicitude, ou certificado da empresa cos importes percibidos ata a data.

o No caso de desemprego: se é demandante de emprego con prestación, certificado de prestación do SEPE cos importes recibidos. Se non ten prestación, certificado do SEPE e vida laboral.

o No caso de viuvez, xustificante da pensión e/ou certificado da vida laboral xunto coas nóminas da empresa liquidadas no ano en curso.

o No caso de ERTE: documentación que acredite a situación e na que se reflicten os ingresos percibidos nese período e resto de ingresos percibidos fóra dese período no ano en curso ata a data de presentación da solicitude.

- Outros documentos, se procede, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuábeis no baremo.
- Declaración xurada de situacións que non poidan ser documentadas de forma oficial.

Se xa presentou no ano 2024 ou no 2025 o Libro de Familia, a sentenza de separación, convenio regulador e o nº de IBAN, non será necesario que o presente de novo con esta solicitude se esa documentación está en vigor, pero si é obrigatorio que o indique expresamente na súa solicitude, con mención expresa ao expediente no que obre a documentación.

O Concello de Cambre, poderá solicitar canta información necesite para calcular a renda per cápita anual da unidade familiar se así o estima oportuno para o que a familia deberá presentar a documentación requirida no prazo que se estableza.

- **Datas de publicacións de solicitudes recibidas:**

- En relación ás solicitudes recibidas no citado prazo de inscrición, **publicarase o 22 de agosto de 2025** unha **información inicial** acerca delas. Unha vez estudadas todas as solicitudes presentadas e unha vez resoltas, publicarase a relación de admitidos/as, excluídos/as e lista de agarda no taboleiro de anuncios, antes do comezo do curso escolar 2025-2026.
- No caso de haber máis solicitudes que prazas e ter que facer valoración das solicitudes recibidas indicárase nese día a información de tal feito.

As vacantes que se vaian producindo serán cubertas polos/ as nenos/as que estean en lista de agarda.

- **IMPORTANTE A TER EN CONTA POLOS/AS PAIS/NAIS OU TITORES.**

- o Non se pode levar almorzo pola súa conta de casa.
- o Os participantes deberán ser acompañados ata a entrada do centro escolar.
- o O persoal que leva a cabo o programa non administrará ningunha medicación salvo estrica prescrición médica que xustifique a necesidade irremediable de facelo durante o servizo. A dita prescrición detallará a medicación pertinente, cantidade e modo de consumo. Estudarase cada caso particular no caso de solicitalo por rexistro de entrada municipal a familia interesada.

Para máis información podedes chamar ao departamento de Educación, no nº de teléfono 981 61 32 91 ou no correo electrónico educacion@cambre.org.